

O paso do Noroeste

As aventuras do Capitán Duchesnoy

Primeira edición en Aira, primeira impresión, 2021
©Xavier Queipo, 1996

Aira editorial, 2021
©Follas Voadoras, SL
Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo
32660 Allariz

Deseño e maquetación: Miguel Mosquera
Capa e ilustracións: Miguel Robledo
Impresión: Norprint

ISBN: 978-84-122631-7-6
Depósito legal: OU 79-2021

Accede á nosa web con este código e participa nos sorteos e
promocións especiais para a comunidade lectora da Aira.



Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola
lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación
pública, de todo ou dunha parte, dunha obra literaria, artística ou
científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística
fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera
medio, sen autorización.

O PASO DO NOROESTE Xavier Queipo

Premio Miguel García Barros do 1996, ex aequo, xunto a
O espírito de Broustenac, de Afonso Álvarez Cáccamo.



Aira

A Berta e a Rafael

A descuberta

Naqueles tempos de continuas viaxes e de chuvias, vivía eu en Bruxelas, vórtice e capital de Europa, cidade probeta onde se decanta o sarrío das culturas, prodixio do bilingüismo militante que enfrontaba naquela urbe, supostamente cosmopolita, os máis baixos e intransixentes instintos de dúas comunidades lingüisticamente diferenciadas e politicamente irreconciliables; os flamengos, de futuro económico e reprodutivo, e os valóns, de historia de mando e decadencia de puxos.

Eu vivía, mal que ben, naquela paranoia de linguaxe bifocal (*Poussez-Duwen, Tirez-Treken, Sortie-Uitrit, Avenue-Laan, Grand-Groote, Arts-Kunst, Rue-Straat, Loi-Wet...*), sen poder tomar partido por ningún dos litigantes, convencido como estaba do dereito de ámbolos pobos a fala-la súa lingua, e convencido tamén, *davvero*, da arbitrariedade histórica de constituíren un mesmo estado.

Daquela, un bo día (parte da cualificación é automática e a frase a pé feito, outra, sen dúbida, produto da escritura demorada que dá oportunidade a reflexións e a medidas, a correlato e meditada adxectivación. Ámbalas dúas presentes e fundamentais, como dirección e azar, como destino e circunstancia), fun comisionado polos meus xefes (pluralizo para situalos, para dar impresión de ser un ninguén na escala de poder, por ese pracer íntimo de adopta-lo *rôle de victime*), e por un período de dúas semanas, a unha misión de rutina no norte de Francia.

Logo dunha primeira semana, na que resistimos con certa cachaza os labirínticos atrancos que puxo ante nós a sofisticada burocracia francesa, tan tributaria do pa-

sado napoleónico de imperio e *grandeur*, de pentágono inscrito en círculo perfecto, había que lle dar unha saída á nosa humanidade, ao outro lado que ficara aferrollado por tanto formalismo e tanta diplomacia.

Como queira que tiñámo-la fin de semana libre e quedabamos en Normandía —terra de queixos e mazás, de peixe fresco e historia de conquista e cabalería— pareceunos unha boa idea visita-lo Mont Saint-Michel, fortaleza que se ergue no cumio dunha rocha no medio dun impresionante esteiro, no que se ensarillan, en ensamblaxe hídrica e inestable, tres ríos: o See, o Seleune e o Couesnon, sendo este último o que orla o monte polo seu lado sur, separando Bretaña de Normandía.

O curso dos ríos ten mudado no decorrer dos tempos, coma fronteira lábil e movimentada, con resultado de liortas e disputas, de xenreiras de por vida e outros males incurables do nacionalismo excluínte.

Cruzámo-lo istmo que une o Mont Saint-Michel coa terra firme e deixámo-lo noso Peugeot ás portas mesmas da fortaleza. Ascendemos con parsimonia as encostas empedradas e húmidas, as ruelas angostas e fistularias, as escaleiras de pedra labrada na rocha madre, os fragmentos dunha lenda de liortas e de anxos, ata chegarmos, co cansazo pneumático que marca hedras nos xemelgos, ao pé do edificio emblemático da abadía.

Pagámo-la entrada —rito necesario, imposto cultural que debería dar dereito a máis satisfaccións ca ao feito de soportar que un funcionario, autómatas e seborreico, poña cara de hidra atópica ou de estaxirita romántico e alado deixándoches franquea-lo recibidor, e mirándote coa mesma autosuficiencia que se che concedese un gran privilexio ou unha dádiva exclusiva.

Entramos, pois, co pé mudado e poucas ganas de ficar, mais xa mesmo nos puxemos a navegar sen compás por salas inhospitalarias e vastos corredores, por torreóns ameados de patios xeométricos, de escadas helicoidais e portas que levaban a ningures, só teitos amansardados ou fiestras bixeminadas, entre galpóns venteados e su-

cios e escuros calabozos intuídos soamente na profundidade cega duns chanzos con cancelas de ferro forxado. Saímos a visitar xardíns mal coidados que deixaran atrás un esplendor posible de roseiras e glicinias, de hedras multicolores e aromas de lavanda, de sebes ordenadas e labirintos clásicos, de fontes desecadas con mármore denegridos e xaspeados de barola, de fentos medrando coma báculos vexetais e pilosos. Deleitámonos coas raiolas que entraban nas solainas, presentimos lareiras na escuridade chafranada de salas enormes sustentadas por columnas redondas e masivas, ollamos para paredes lisas soportadas, na súa pretendida fragilidade, por contrafortes dobres e macizos, sentímo-lo chifrar do vento nas angosturas da pedra.

Detiverámonos a xantar nun *rouitier*, onde logo dunha comida tan especiada coma abundante, impúxose con naturalidade a augardente de Calvados, da que bebemos con fruición carencial. A miña mente, tocada polo destilado alcólico, daba voltas e máis voltas, transportándome como alfombra voadora dunha xeira tranquila e telemática a unha historia fría de espadas e guerreiros, de liortas sanguíntas e combates de honra. Nas miñas fantasías, puideron verlos cabaleiros da veneranda orde de São Miguel, velando armas nun gran salón de robustas columnas e grandes lareiras, onde aqueles monxes beneditinos tiñan o seu calefactorio. Entre tódolos presentes, abeirado nun chanzo e destacando insensiblemente do grupo, a figura mítica de Robert de Thorigny, famoso por eleva-la abadía ao cénit do seu máximo poder, pouco antes do seu tráxico pasamento.¹

1. Robert de Thorigny morreu na primavera do 1186, esganado por unha corda tendida entre as gallas de dúas árbores, mentres cabalgaba pola fraga dos Soños, próxima á abadía. Disque a orde para a execución a deu o propio Henrique II. Os motivos serían, segundo contan as crónicas, basicamente dous: a pasividade coa que contemplou, sen mover un músculo e sen facer xesto nin aceno que permitise desviar-la daga, o asasinato que rematou co alento do arcebispo Thomas Beckett; e por se inhibir cando, na sé catedralicia de Avranches, Henrique II fora vítima dun terrible escarnio por parte duns malfeitores (*Todas as notas son do compilador*).

Tamén alí, impresionantes e inmensos na súa forza, os príncipes de Normandía e os vinculeiros do trono da Bretaña, e máis alá, cabo da lareira permanentemente acesa, coma se a friaxe de sandalias e de roupa talar lles paralizase os sentidos facéndolles busca-lo conforto do lume, os monxes miniaturistas, e un pouco máis afastados aínda do meu observatorio e próximos ás fiestras, os cirurxiáns que trasladaran ao norte o saber antigo do Califado de Córdoba, os físicos, que sabían de números e hidráulica, de fluídos visguentos e de mecánica, os teólogos, de reflexión e norma ríxida, de moitos latíns e discusións interminables sobre as ás dos anxos, a alma dos indíxenas ou a posible natureza das tentacións de Santo Antón; os conspiradores de toda laia e condición, de cinismo militante e pérfidos aceiros mollados en veneno... Todos alí, naquela sala, quente polo sol e polo lume das lareiras, cando, asomándome a unha fiestra de fasquía gótica, puider observar, abraiado, o mesmísimo San Miguel Arcanxo dacabalo dun unicornio, cruzando a galope tendido a chaira de area que, na baixamar, se estende entre o propio monte e a illa rochosa que chaman a Tombelaine, do outro lado do río Couesnon. Ergueito e atractivo, coas bridas nunha man e a espada de ouro noutra, coa cruz gravada na armadura de prata, e os ollos expandindo un brillo azul e presumiblemente anxélico, cabalgando ata se perder nas brétemas que xa chegaban do mar.

Aparvado como estaba, baixoume a este mundo o meu compañeiro João Pedro, e avanzamos ata unha sala aberta ao ventimperio e dominada por un xigantesco torno de madeira de cerdeira que, segundo a versión do meu amigo, que aparentaba moi sabedor no que a fortalezas conta, servira en tempos de feudalismo e de primicias, de ofrendas, de rituais e de miseria endémica, para iza-las provisións que, polo camiño das peregrinaxes, chegaban coas comitivas aos campamentos que se instalaban ao pé da parede sudoeste da abadía.

Había, ao saír da sala, dúas alternativas: a indicada por unha seta de madeira nunha parede lateral, que semellaba, así e todo, a recomendación da orde dos ben pensantes, e outra máis escura, estreita e potencialmente máis prometedora. Non puideren resistir a tentación de neno aventureiro e irreflexivo que me asalta nestas circunstancias e decidínme, sen moitos problemas de conciencia, teño que dicir, pola segunda.

Penetrei nun corredor tapizado por un verdello de pouso secular e no que as paredes zumegaban humidades calcarias. Subitamente, o corredor remataba nunha parede lisa e inexpresiva. Decepción. Eu esperaba, certamente, unha descuberta máis exitosa, unha visión máis excitante, o acceso a un segredo ben gardado ou, quizais, por que non, a un tesouro agochado do común por guerras e pasadizos codificados, por ocultacións e por traxedias.

Xirei nos meus calcañares e de xeito instintivo e desesperado ollei ao cénit. Vin luz. Freguei as pálpebras co interno dos furabolos para tentar saír do que se me facía froito da miña habilidade onírica. Non. Ollei outravolta e decateime de que no teito había unha burata que, ao seu través, deixaba pasar un fío de luz. Estaba nervioso. Non quixen perde-lo control nin o comando da situación. Estaba só e tiña un chisco dese desacougo que se sente nas fronteiras do medo, tan móbiles sempre, tan circunstanciais e, ao tempo, tan propias.

Decidín que non podía marchar sen indagar un pouco na orixe daquela luz. Pensei que o meu colega non estaría preocupado. Buscaríame sí, mais tan só se se fíxese tarde e quixesen os funcionarios pecha-las portas da fortaleza-museo. Era unha relación así, de camaradería e de traballo, que amalgamaba momentos dunha certa tensión con outros de compañeirismo, dependendo das circunstancias. Non me debía preocupar. El non o faría.

Eu situábame como no fondo dun pozo seco. Ás apalpadelas dei cuns ferros que sobresaían dos cantos da parede e logo dalgún esforzo, pois a escada sufrira, nas

circunstancias da súa lonxevidade, a amputación dalgún dos seus pasos intermedios, accedín á burata por onde entraba unha raiola. Impelido por unha forza interior que me achegaba tranquilidade e coraxe en combinación alquímica perfecta, funme afastando da terra firme nunha ascensión vertical que xa se facía interminable cando, logo de afinca-las mans, facendo forza e panca cos ombreiros, dei un chimpo erguéndome do nivel do chan.

Fixeron os meus ollos un percorrido pola pequena estancia, minúscula podería dicir, se dese creto aos estándares de vida que outras épocas suxiren, e onde malamente un home podería ficar deitado, co teito moi baixo, e abufardado, e que tiña unha fiestra desproporcionadamente grande, dirixida cara ao leste. Ao primeiro, cegado aínda polo exceso de luz, nada vin que chamase a miña atención, o que resultaba certamente decepcionante.

Cando xa me dispoñía a abandonar aquel recinto, quer pola urxencia administrativa da hora de pecha-lo edificio quer por respecto ao meu colega, que debía estar comezando a inquietarse, o meu pé tropezou no canto dunha lousa, que deu en moverse emitindo un ruído xordo. Grande foi a miña sorpresa, como penso sería a de calquera nas mesmas circunstancias, ao me decatar que baixo a lousa se intuía, poeirento, un vulto irregular, un atado comesto pola humidade e polos anos. Si, un atado, coma nas novelas de aventura e descuberta, coma nas historias para imberbes e prepúberes nas que xa ninguén, nin os mesmos que as escriben, acredita. Si, un atado comesto polos vermes, polas estacións e os meteoros, de grafía aliñada coma nos cadernos da escola, de trazo firme e tinta esvaecida pola acción repartidora da auga. Metino como puiden no interior do meu casaco vello e retomei o camiño de volta á sala que dominaba a xigantesca roldana.

Xa fóra do edificio compramos algunhas postais, tarxetas de náufrago na vertixe nomádica, sinais de fume

de semiótica acordada (*I wish you to be here*), de aloumiños demorados no trazo reflexivo de cada caligrama. A friaxe fíxonos procurar refuxio e acougo no conforto dunha *brasserie*, onde unha lareira poñía o contrapunto acolledor á insania do clima no exterior, o mesmo que facía a xentiña reumática e perversa, artrítica e pouco alegre. Pedimos senllos cafés, eu con leite, que sigo co meu estómago a sufrir de males secuenciais e desarranxos dolorosos, e aproveitamos entón para lles poñer unhas letras aos amigos que ficaban lonxe (sen reparar en que quizais eramos nós os que ficabamos lonxe).

Cando saímos, foi colle-lo Peugeot e retornar á estrada que nos conduciría ao val de Wimereux, onde tiñámo-la nosa residencia provisional. No camiño, que se fixo curto pola moita conversa e as músicas mesturadas —alguén me descubrira a frescura de Ultramarine e a voz de veludo de Sarah Nelson, mentres João teimaba en Elis Regina e Dulce Pontes—, falamos de moitas cousas: da misión que nos trouxera a aqueles fermosos lugares, do estilo da abadía, do abandonados que teñen os franceses os seus monumentos, dos proxectos que cadaquén tiña para as vacacións do verán (eu Xamaica, moi probablemente en setembro, el Portugal, coma sempre pois había que mira-lo ordenado e poupa-lo que se puidese), dos proxectos de João Pedro de casar no próximo ano e das incidencias máis sobranceiras da paisaxe.

Non lle comentei ao meu compañeiro, e aínda non sei moi ben por que, a circunstancia do meu achado. Pensei ao primeiro en gardalo para min —egoísta e cuncha bivalviana como son—, e así sería, cando menos, ata o momento en que descubrixe exactamente cal era o contido daquel atado.

Chegamos xusto para a hora de cear á *table d'hôte* que Madame de Montigny tiña entre Belle Houillefort e Contenville. Logo dunha cea en familia, na que discutimos das folgas de estudantes en Francia e do futuro daquela rexión cando se rematase o túnel baixo o canal

da Manga, rendidos e fartos (*soupe de poireaux, agneau á la sauce normande, gâteau au chocolat, thé au citron, Calvados maison*), retirámonos aos nosos cuartos.

Non sen certa ansiedade, que hei recoñecer ás veces me preocupa polo que ten de automatismo, de rito hixiénico e fóra de control, cepillei os dentes e a lingua (a hixiene dental é unha obsesión herdada do meu pai, o da lingua, un consello dun dentista hindú), sentei cabo do lume que a filla de Madame de Montigny tivera o bo tino de prender antes da cea, e abrín o atado, que na súa primeira páxina dicía:

«Crónica da viaxe que realizou a fragata da Royale, *L'Épée*, polos mares do norte do Atlántico, ao comando do capitán Jean-Christophe de Simonet, barón de Duchesnoy...»

Lin sen acougo toda a noite, o que me pareceu, malia o nivel do meu francés, un interesante, aínda que fragmentario, relato de aventuras.

Non o quixen gardar só para min, e é por iso que, coa axuda dun bo dicionario e a peritaxe do meu profesor de linguas, que me axudou con certos termos do francés do século XVIII, recompoño, a seguir, e se cadra con máis vontade ca acerto, unha prosa comesta pola couza e polo tempo.

O compilador

Compendio das notas do capitán Jean-Christophe de Simonet, barón de Duchesnoy, no que se relata o periplo a bordo de L'Épée polos mares do Atlántico Norte e ás que se anexan un relatorio presentado á Academia das Ciencias polo profesor de Vremont sobre a desaparición do navío e as notas eruditas e curiosas da autoría de Jean-Baptiste de Lille et Mirabeau, físico e membro da antedita Real Academia das Ciencias. Compilado e adaptado por Xavier Queipo.